


**INSTRUCCIÓN 6/2008 DA SECRETARÍA XERAL, PARA O RECOÑECIMENTO DE ESTUDOS
COMO CRÉDITOS DE LIBRE CONFIGURACIÓN**

O recoñecemento dos estudos de idiomas regúlanse por Resolución Reitoral do 24 de xuño de 2005, pola que se publican as normas sobre recoñecemento de actividades e estudos de idiomas como créditos de libre elección. Ante as consultas sobre os idiomas que poden ser recoñecidos, e para a súa correcta aplicación, esta Secretaría Xeral dita a seguinte instrución:

ÚNICO.- Serán recoñecibles calquera dos idiomas que se impartan no Centro de Linguas Modernas desta Universidade e nas escolas oficiais de idiomas, incluídos os que son cooficiais no Estado español.

Santiago de Compostela, 28 de xullo de 2008

A secretaria xeral




Isabel García-Rodeja Gayoso